

## MARCO NORMATIVO PROGRAMA DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL E DE XÉNERO

No **DECRETO 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil en Galicia**, recollese como fin da educación desta etapa, no seu **artigo 3**: *“Potenciarase a transmisión de aqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, o respecto (...) en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social” e como obxectivo para o segundo ciclo de infantil*, entre outros, plasma o *“Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.”*

No **Decreto 105/2014 do Currículo de Primaria, art 3.m**, establece a necesidade de *“Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual”*.

No **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 4** establece que: *“A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.”*

Así mesmo, o **I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**, no eixe 4 aborda a *educación desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, coa finalidade de acadar unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva, establecendo ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia na comunidade educativa, elaborando materiais para a abordaxe da educación afectiva e sexual e colaborando cos axentes socioeducativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe da saúde afectivo-sexual.*

E no **VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, na área estratéxica 1, dedicada á igualdade na educación e nos valores**, establece a necesidade de actuar na promoción de valores e actitudes inclusivas e normalizadoras respecto da orientación sexual e as identidades de xénero, dado que a *“homofobia, a lesbofobia e a transforbia teñen a súa orixe nun sistema machista, que utiliza estas manifestacións de rexeitamento social como un mecanismo para limitar a diversidade de xéneros e que é moi efectivo para manter que os modelos de “home” e de “muller” se sitúen dentro da “normalidade”, isto é, no socialmente establecido” e no obxectivo específico 1.6*, dirixido a promover valores e actitudes inclusivas e normalizadoras respecto da orientación sexual e as identidades de xénero, con tres medidas concretas, que, polo interese para este proxecto, se detallan a continuación:

*o 2.1.6.1 Desenvolvemento de accións de visibilización e sensibilización social que fomenten actitudes de respecto e tolerancia á diversidade de orientación sexual, desde a promoción dun cambio cultural e de valores en favor da igualdade de xénero.*

*o 2.1.6.2 Impulso de espazos de encontro e participación do conxunto da comunidade educativa nos que se promovan valores e actitudes favorecedores da plena inclusión e a normalización das orientacións sexuais e a identidade de xénero.*

*o 2.1.6.3 Fomento de actitudes de respecto e tolerancia entre a poboación adolescente e xuvenil que favorezan a inclusión das diversas orientacións sexuais e identidades de xénero.*

## **DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS HUMANOS**

### **ARTIGO 2**

Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

### **PRINCIPIOS DE YOGYAKARTA.**

Principios sobre a aplicación da lexislación internacional de dereitos humanos en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero.

<http://yogyakartaprinciples.org/principles-sp/>

## **CARTA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA**

### **TÍTULO III.- Igualdade**

#### **ARTIGO 21.- Non discriminación**

Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual.

## **CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA**

### **ARTIGO 14**

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. ARTIGO 27 2. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

#### **ARTIGO 27.2.**

A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

## **LOMCE 8/2013**

### **TÍTULO PRELIMINAR**

#### **CAPÍTULO I**

Principios e fins da educación

##### **Artigo 1. Principios.**

c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Artigo 124. Normas de organización, funcionamento e convivencia.

1. Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento con arranxo á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.